



CONCELLO DE RIVEIRA

Aprobación definitiva do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Riveira

O Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o 28 de maio de 2012 acordou aprobar inicialmente a **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS TERRAZAS E QUIOSCOS DE HOSTALERÍA**, de conformidade co procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e someter o expediente a información pública e audiencia ós interesados polo prazo de trinta días (hábeles) para a presentación de suxerencias e reclamacións.

De conformidade co establecido no artigo 65.2 en relación co 70.2, ámbolos dous da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o expediente de referencia quedou sometido a información pública e audiencia ós interesados polo prazo de trinta días (hábeles) contados a partir do seguinte da súa publicación (BOP nº 159 de 22.8.12) para a presentación de alegacións.

Transcorrido o antedito prazo e resoltas as alegacións presentadas de acordo co establecido no artigo 49 c) da Lei de Bases de Réxime Local, o Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o 29 de outubro de 2012 acordou aprobar definitivamente a **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS TERRAZAS E QUIOSCOS DE HOSTALERÍA**, polo que publícase o texto definitivo da mesma. A Ordenanza, que a continuación se transcribe, entrará en vigor ós quince días da súa publicación, segundo o previsto no artigo 65 da Lei de Bases Réxime Local:

“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS TERRAZAS E QUIOSCOS DE HOSTALERÍA

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Esta ordenanza ten por obxecto establecer o réxime xurídico aplicable á instalación e funcionamento das terrazas, con ou sen pechamento estable e quioscos de hostalería e outros usos, con excepción dos recintos de feiras e festexos populares que se autoricen con motivo da celebración de festas patronais, que se rexerán pola súa ordenanza municipal específica.

Artigo 2. Tipos de instalacións autorizables

Para os efectos desta ordenanza, as instalacións autorizables defínense da seguinte forma:

1.-Terrazas: son as instalacións formadas por mesas, cadeiras, antucas, toldos, xardineiras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento ou de forma accesoria a un quiosco permanente. Estas instalacións poderán situarse no solo público ou no privado. Nos bares e restaurantes que teñan a consideración de usos asociados de edificios exclusivos de uso terciario, tales como hoteis ou centros comerciais, tamén poderán situarse nos espazos libres de parcela de titularidade privada e nos respectivos patios interiores. En todos os casos só se poderá realizar a mesma actividade e expender os mesmos produtos que o establecemento do que dependen.



CONCELLO DE RIVEIRA

2. Terrazas con pechamento estable: son terrazas pechadas no seu perímetro e cubertas mediante elementos desmontables que se encontran en terreos de titularidade e uso público ou nos espazos libres de parcela de titularidade privada e nos respectivos patios interiores, que desenvolvan a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal. Só poderán realizar a mesma actividade e expender os mesmos produtos que o establecemento do que dependen.

3. Quioscos permanentes: son os establecementos de carácter permanente de hostalería e Restauración e outros usos construídos con elementos arquitectónicos de natureza perdurable sobre solo de titularidade e uso público, podendo dispoñer da súa propia terraza. Poderán expenderse, tanto no seu interior como na súa terraza, bebidas e comidas nas mesmas condicións que nos establecementos de hostalería e restauración, previa obtención da preceptiva licenza municipal de apertura, que se tramitará a maiores da concesión pública.

Artigo 3. Normativa aplicable

As instalacións reguladas no artigo anterior quedarán suxeitas, ademais, á normativa sobre espectáculos públicos e actividades recreativas, así como á de protección do patrimonio, polo que as súas determinacións serán plenamente esixibles aínda cando non se faga expresa referencia a elas nesta ordenanza.

Artigo 4. Autorizacións

1. A implantación destas instalacións require a previa obtención de autorización municipal nos termos previstos nesta ordenanza e na normativa sectorial aplicable. O documento de autorización, o seu plano de detalle e as homologacións dos elementos instalados, ou unha fotocopia destas, deberán encontrarse no lugar da actividade, visibles para os usuarios e veciños, e a disposición dos funcionarios municipais e efectivos da Policía Municipal.

2. Esta autorización incluírá a licenza demanial de ocupación de terreos, cando sexan obxecto de ocupación terreos de titularidade pública e a licenza urbanística no suposto de terrazas con pechamentos estables. Ademais dos anteriores será mester tramitar a licenza de apertura pertinente para os quioscos.

3. A autorización aprobada por órgano competente emitírase en modelo oficial, que deberá incluír, polo menos, as dimensións do espazo sobre o que se autoriza, a súa situación, os toldos e antucas e as súas características, o horario, as limitacións de índole ambiental ás que queda condicionada e o número total de mesas e cadeiras autorizadas. Nas terrazas con pechamento estable indícaranse ademais as súas características. En todo caso, xunto coa autorización deberá figurar copia do plano de detalle da instalación que serviu de base á súa concesión, debidamente selado e rubricado polo técnico que realizou a proposta favorable e as homologacións dos elementos instalados.

4. Cando concorran circunstancias de interese público que impidan a efectiva utilización do solo para o destino autorizado, tales como obras, acontecementos públicos, situacións de emerxencia ou calquera outra, a autorización quedará sen efecto ata que desaparezan as ditas circunstancias, sen que se xere dereito a indemnización ningunha. As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente pola administración concedente en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.



CONCELLO DE RIVEIRA

5. As autorizacións quedarán condicionadas á utilización ou reparación das bocas de rego, tapas e rexistros e outras instalacións que estivesen na súa área de ocupación.
6. As autorizacións concedidas outórganse sen prexuízo de terceiros e mantendo a salvo o dereito de propiedade.
7. As autorizacións habilitan aos titulares dos quioscos permanentes para a instalación e explotación directa, sen que poidan ser obxecto de arrendamento ou calquera forma de cesión a terceiros.

Artigo 5. Carencia de dereito preexistente

1. Instalacións que se soliciten en terreos de titularidade e uso público: en virtude dos principios de non alleamento non prescrición dos bens de dominio público, a mera concorrencia dos requisitos necesarios para que a ocupación poida ser autorizada non outorga dereito ningún á súa concesión. O Concello, considerando todas as circunstancias reais ou previsibles, poderá conceder ou denegar a autorización, facendo prevalecer o interese xeral sobre o particular.
2. Instalacións que se soliciten en terreos de titularidade e uso privado: o órgano competente, considerando as circunstancias reais ou previsibles, e tendo en conta o carácter regrado deste tipo de autorizacións, deberá concedelas ou denegalas motivadamente.

Artigo 6. Horarios

1. O horario de funcionamento das terrazas situadas en solo de titularidade e uso público, así como o das terrazas situadas en solos privados, será ata a 1.30 da madrugada nos meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro e ata as 12.00 da noite durante o resto do ano entre semana e ata a 1.00 da madrugada en venres e sábados, podendo prorrogarse en época de festas. As autorizacións poderán ser anuais ou de tempada. Entendendo de tempada as que van desde o 1 de marzo ata o 30 de outubro, ambos inclusive, e anual as que van desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro. No suposto de non solicitarse a renuncia á autorización, esta entenderase prorrogada automaticamente en iguais termos.
2. O horario de funcionamento das terrazas con pechamentos estables será o mesmo fixado no apartado anterior.
3. Os quioscos permanentes terán o mesmo horario de funcionamento. Os quioscos de outros usos estableceranse os seus horarios en función dos horarios do comercio.
4. Os horarios establecidos neste artigo poderán ser modificados, por circunstancias xustificadas, mediante decreto da Alcaldía. Do mesmo xeito poderá establecerse un horario mais amplo nas zonas con un marcado carácter turístico.

Artigo 7. Limitación de niveis de transmisión sonora

O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.

Artigo 8. Seguro de responsabilidade civil

O titular da autorización deberá dispor dun seguro de responsabilidade civil e incendios do establecemento principal que deberá estender a súa cobertura aos posibles riscos que puideran derivarse do funcionamento da instalación.



CONCELLO DE RIVEIRA

Artigo 9. Homologacións-publicidade

1. Nas terrazas que se sitúen en solo de titularidade e uso público e nas que se instalen en solo privado que sexan visibles desde a vía pública, os elementos de mobiliario urbano ao servizo da instalación deberán pertencer a tipos previamente homologados.
2. **Nun periodode tres meses da entrada en vigor desta ordenanza** abrirase un período para que se presenten no Concello os distintos modelos de mobiliario de terrazas co fin de que sexan homologados. Os criterios de homologación serán os determinados polo órgano competente para autorizar o uso de terrazas.
3. Prohíbese a publicidade nos elementos de mobiliario urbano cando teña mais dunha cor, permitíndose o nome do establecemento ou do seu logotipo en toldos e antucas. O mobiliario deberá manter a uniformidade do conxunto da zona na que esté situado.
4. No caso dos quioscos permanentes poderanse instalar rótulos nas condicións establecidas para a súa instalación nas fachadas de establecementos, na normativa de aplicación.

Artigo 10. Condicións de uso das instalación

1. Os titulares das autorizacións ou concesións deberán manter as instalacións e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. Para este fin, estarán obrigados a dispor dos correspondentes elementos de recollida e almacenamento de residuos.
2. Por razóns de estética e hixiene non se permitirá almacenar ou amorear produtos, materiais ou residuos propios da actividade xunto ás terrazas nin fóra da instalación dos pechamentos estables de terrazas, nin dos quioscos permanentes.
3. O espacio autorizado á terraza deberá estar sempre ben delimitado, tanto con pechamentos, tarimas, biombos, xardineiras ou outros elementos que cumpran esta función, como con fitos que colocará o Concello, costeando o propietario a instalación da terraza, naqueles casos nos que non existan outros elementos de delimitación do espacio.

Artigo 11. Condicións das subministracións

1. As acometidas de auga, saneamento e electricidade deberán ser subterráneas e realizarse cumprindo a súa normativa reguladora.
2. Os contratos de servizos para estas acometidas correrán por conta do titular da autorización ou concesión e deberán celebrarse coas compañías subministradoras do servizo.

Artigo 12. Condicións hixiénico-sanitarias e de consumo

As instalacións reguladas nesta ordenanza deberán manterse en adecuadas condicións hixiénicosanitarias.

Artigo 13. Fianza

1. Nos casos sinalados nesta ordenanza será precisa a constitución dunha garantía para responder das posibles deterioracións que se poidan causar ao dominio público e ás súas instalacións.
2. O importe desta garantía determinarase en función do custo de reposición do solo ocupado.



CONCELLO DE RIVEIRA

TÍTULO I

Terrazas

Capítulo 1

Condicións técnicas para a instalación

Artigo 14. Restricións pola actividade á que se adscriba

1. Soamente se concederá autorización para a instalación de terrazas cando sexan accesorias a un establecemento principal, ou a un quiosco permanente.
2. Aos bares e restaurantes que teñan a consideración de usos asociados en edificios exclusivos de uso terciario poderáselles autorizar igualmente a instalación de terraza tanto nos espazos libres de parcela de titularidade privada como nos patios interiores privados.

Artigo 15. Condicións do espazo no que se pretenda situar a terraza

1. As terrazas que pretendan instalarse en solo de titularidade e uso público deberán cumprir as seguintes condicións:
 - a) Con carácter xeral, a largura libre de paso non poderá ser inferior a 1,50 metros, respectándose un itinerario de forma continua, evitando quebras ao longo dunha liña de quinceiro. Excepcionalmente poderá aprobarse unha largura libre inferior, cando as características e uso da vía o fagan posible sen perigo para os viandantes.
 - b) Algunha das fachadas do establecemento deberá dar fronte ao espazo proxectado para a instalación da terraza excepto informe técnico.
2. Cando o grao de inclinación da rúa o aconselle instalaranse tarimas sobre as que se ha situar o mobiliario da terraza. Estas tarimas serán de madeira tratada para ser instalada no exterior e axustaranse aos modelos homologados polo Concello. En ningún punto presentarán un desnivel con respecto á rúa que supere os 50 centímetros de alto polo que, se a inclinación da rúa obriga a iso, poderán ser graduais. Os biombos e elementos de seguridade estarán ancorados á tarima. Nun prazo de tres meses desde a data de entrada en vigor da ordenanza abrírase un período para homologar modelos de tarimas. Tamén se elaborará un plano indicativo dos espazos ocupables por terrazas no que se especificarán as zonas onde se poderán instalar tarimas e as zonas onde non se permitirán.
3. Aínda cando un espazo reúna todos os requisitos para a colocación dunha terraza, esta poderá no autorizarse ou autorizarse con dimensións inferiores ás solicitadas se a súa instalación dificultara o tránsito peonil, aínda que soamente sexa en determinadas horas.
4. Cando a concentración de terrazas sobre unha praza ou espazo determinado poida supor a alteración do seu destino natural ou xerar un grave impacto medioambiental, as solicitudes de novas instalacións o as renovacións serán resoltas conxuntamente con anterioridade ao inicio do ano natural, establecéndose as condicións o restricións que se estimen adecuadas.
5. Nos casos en que para atender a terraza se deba cruzar unha rúa con circulación rodada, só se autorizará se conta co informe favorable do servizo de tráfico.

Artigo 16. Modalidades de ocupación

A ocupación de solo de titularidade e uso público con terrazas axustarase ás seguintes modalidades e condicións:



CONCELLO DE RIVEIRA

1. Se a terraza se situase xunto á fachada do edificio, a súa lonxitude non poderá rebordar a porción desta ocupada polo establecemento.

2. Se a terraza se situase na liña de bordo da beirarrúa, a súa lonxitude poderá alcanzar a da fronte de fachada do edificio propio e dos lindantes.

3. Permitirase a implantación simultánea dunha terraza xunto á fachada e outra na liña de bordo no mesmo tramo de beirarrúa sempre que se deixe un paso cunha largura dous metros como mínimo, que poderá ser ampliado se así o consideran conveniente os técnicos municipais.

4. Se máis dun establecemento dun mesmo edificio solicita autorización de terraza, cada un poderá ocupar a lonxitude da fronte da súa fachada, repartíndose o resto da lonxitude da fachada propia e a dos dous lindeiros a partes iguais. Neste caso, manterase entre elas unha separación mínima de 1 metro, que se repartirá entre as dúas terrazas.

No caso de que se abra un novo establecemento de hostalería e que a súa fachada estea ocupada, en todo ou en parte, por unha terraza autorizada anteriormente a outro establecemento lindante, ambos establecementos deberán suxeitarse ao previsto no parágrafo anterior cando se proceda á renovación do permiso de terraza xa autorizada.

A distancia dos elementos de mobiliario urbano ao bordo da beirarrúa será, como mínimo, de 0,50 metros, podendo reducirse ata 0,30 metros cando haxa unha barreira de protección.

5. Cando se trate de rúas e espazos peonís, a terraza poderá situarse acaroada á fachada do establecemento ou estar separada desta ata un máximo de dez metros. No primeiro caso, a lonxitude da terraza será a da fachada do establecemento, podendo superar os límites desta con autorización dos propietarios estremeiros.

6. O largo das terrazas obterase de acordo co artigo 15. Se os establecementos se encontraran enfrontados, o largo ocupado por ambas non superará os valores indicados no citado artigo.

7. Cando entre a terraza e o establecemento existe unha vía de circulación rodada, de acordo co previsto no artigo 15.5, poderá colocarse unha instalación de apoio que restrinja ao máximo a necesidade de que o persoal do establecemento se vexa obrigado a cruzar a calzada.

A instalación de apoio ten carácter de instalación auxiliar para facilitar o desenvolvemento da actividade. Servirá exclusivamente de soporte aos elementos de enxoval e aos produtos destinados ao consumo na terraza. Non poderá utilizarse como barra de servizo, para realizar funcións de cociñado, elaboración ou manipulación de alimentos, nin dedicarse a ningún outro uso que desvirtúe o seu carácter estritamente auxiliar. A instalación será empregada unicamente por camareiros e persoal da terraza e non se permitirá atender desde ela ao público en xeral.

As dimensións máximas da instalación serán de 2,50 metros de longo por 1,50 metros de largo, non podendo superarse en ningún punto 1 metro de altura; admitirase a instalación de teito cunha cota máxima respecto ao solo de 2,50 metros e sen pechamentos laterais por encima da súa altura máxima.

Autorízase a colocación de equipos de vídeo ou televisores e utilizar música ambiental respetando en todo caso os niveis de son máximos permitidos ata as 12,00 da noite nos meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro e ata as 11,00 da noite en inverno.

Non poderá dispor de equipos de lavado mecánico, vertedoiro con sistema de acción non manual, billas para a dispensación de bebidas e equipos de conservación de produtos.

Queda prohibida a almacenaxe de elementos fóra da instalación de apoio.

8. Na tempada estival as terrazas poderán instalarse en zonas da calzada da vía pública sempre que se cumpran os requisitos de seguridade esixibles e que non afecten á circulación rodada ou ao tráfico de peóns.

En caso de colocación de terraza en zonas de estacionamento situadas a distinto nivel da beirarrúa, e salvo que circunstancias obxectivas de calquera índole o impidan, colocarse unha



CONCELLO DE RIVEIRA

tarima debidamente sinalizada e que cumpra requisitos de accesibilidades non podendo superar o espazo máximo que ocupa una praza de aparcamento.

En todo caso haberá que preservar as zonas de paso de peóns.

Nos casos nos que as características da rúa, do tráfico ou razóns de seguridade o aconsellen a criterio da Policía, procederase a denegar o permiso de instalación da terraza.

Artigo 17. Condicións para a instalación da terraza e do seu mobiliario

Os elementos de mobiliario urbano que se instalen están suxeitos ás seguintes prescricións:

1. Non poderán colocarse en solo de titularidade e uso público mobiliario elementos decorativos ou revestimentos de chan que non estean incluídos expresamente na autorización.

2. O módulo tipo está constituído por unha mesa e catro cadeiras enfrontadas dúas a dúas.

Considerarase unha superficie de ocupación teórica por cada mesa e catro cadeiras de 2,00 x 1,60 metros.

3. Autorizaranse módulos dunha mesa e dúas cadeiras de 2,00 x 0,80 metros cadrados ou unha mesa alta con catro banquetas, de 1,20 x 1,20 metros cadrados.

4. As mesas e cadeiras poderán dispoñerse como mellor conveña sempre que se permita o doado acceso a todas as mesas e cadeiras, para o cal establecerase un corredor intermedio que permitirá o acceso dos camareiros ás mesas. Este corredor terá unha lonxitude igual á da fila menor e una largura de 0,50 metros. A superficie ocupada polo corredor contabilizarase dentro da superficie de ocupación da terraza. Para a obtención do número máximo de mesas e cadeiras aplicaranse os módulos descritos neste artigo.

5. Os toldos serán de material téxtil, lisos e de cores acordes coa contorna urbana e terán sempre posibilidade de seren recollidos mediante fácil manobra. Queda prohibido o pechamento das superficies verticais do seu perímetro

6. Admítese a colocación do nome do establecemento e do seu logotipo sobre as faldras de toldos e antucas.

7. Non poderá obstaculizarse o acceso á calzada desde os portais dos predios nin dificultar as manobras de entrada ou saída nas pasaxes permanentes. Cando a terraza se coloque acaroadá á fachada deberán deixarse libres, cando menos, 0,50 metros desde as couzoeiras das portas. Nestes espazos non poderá colocarse tampouco mobiliario accesorio.

8. Cando se dispoña de instalación eléctrica de alumeado para a terraza, esta deberá reunir as condicións que o Regulamento electrotécnico de baixa tensión establece para instalacións en locais mollados. Os condutos quedarán fóra do alcance de calquera persoa e non poderán discorrer polas beirarrúas nin utilizar as árbores ou o mobiliario urbano como soporte. En ningún caso os focos poderán cegar ou producir outras molestias á veciñanza, viandantes ou vehículos. Esta instalación deberá ser revisada anualmente por un instalador autorizado que emitirá o correspondente boletín de conformidade.

9. Queda prohibida a instalación de máquinas expendedoras automáticas, recreativas, de xogos de azar, billares, futbolíns ou calquera outra de características análogas. Tampouco se instalarán barras fixas na fachada dos establecementos.

10. A utilización dos servizos públicos non se verá obstaculizada, debendo deixarse completamente libres para a súa utilización inmediata, se fose preciso, os seguintes elementos:

a) As paradas de transporte público regularmente establecidas e os pasos de peóns en toda a súa lonxitude.

b) As pasaxes de vehículos quedarán libres en todo o seu largo.

c) As saídas de emerxencia en todo o seu largo.



CONCELLO DE RIVEIRA

d) Respetarase unha distancia suficiente aos distintos elementos de mobiliario urbano, sinais de tráfico e báculos de alumeadado que garanta a súa función e que permita os labores de mantemento.

11. Deberá garantirse o acceso a todos os servizos e equipamentos municipais e de compañías de servizos as vinte e catro horas do día.

12. O mobiliario deberá ser retirado da vía pública ao finalizar o horario de funcionamento do establecemento, excepto nos casos en que as condicións do local principal non o permitan, requirindo neste caso ao igual que no referente aos toldos e tarimas da correspondente autorización municipal. En calquera caso, a tarima deberá ser retirada cando finalice o período de vixencia da autorización se esta é de tempada.

13. Cumprirase todo o indicado na normativa en materia de promoción da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

Artigo 18. Prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo

Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.

Artigo 19. Particularidades para a instalación de terrazas en espazos libres privados

A instalación de terrazas en espazos libres privados someterase, ademais de ás sinaladas nos artigos 14 a 18 desta ordenanza, ás seguintes determinacións:

a) En caso de que as actividades descritas no artigo 14 desta ordenanza se desenvolvan en espazos privados, permitirase a instalación de terrazas en toda a zona do espazo libre privado de parcela.

b) Permítese a disposición de calquera tipo de quiosco ou instalación de apoio na superficie libre de parcela agás en ámbitos protexidos, onde deberá ser autorizado polo técnico correspondente, que poderá denegar o permiso para a instalación de calquera elemento fixo por razóns estéticas ou de cumprimento da normativa específica deste ámbito.

c) A instalación de terrazas en espazos privados non deberá diminuír as condicións de evacuación por debaixo dos mínimos regulamentarios. O solicitante deberá presentar un estudo xustificativo de evacuación no que se teñan en conta as dimensións e mobiliario da súa terraza e a súa incidencia sobre a do conxunto do local.

Capítulo 2

Condicións específicas para a instalación de terrazas con pechamentos estables

Artigo 20. Modalidades de ocupación

1. Condicións xerais dos pechamentos estables: só se permitirá un pechamento estable por local ou establecemento mais admitirase a implantación simultánea dunha terraza sen pechamento e doutra cun pechamento estable para un mesmo establecemento. A altura exterior máxima da estrutura será de 3 metros. No interior do pechamento a altura mínima será de 2,50 metros. Os pechamentos estables contarán cun cartel indicativo do aforo máximo.



CONCELLO DE RIVEIRA

2. Pechamentos estables acaroados á fachada: con carácter xeral, o pechamento instalárase acaroado a fachada principal do establecemento, en cuxo caso só poderá ocupar a lonxitude desta, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que a distancia entre a parte inferior dos ocos da planta primeira e o pechamento non sexa inferior a 1,50 metros.
- b) Que as condicións de seguridade, tanto do inmovible como do contorno, non se vexan afectadas pola presenza da instalación.
- c) A súa colocación no deberá dificultar a evacuación dos edificios ou locais onde se instale. A disposición dos pechamentos será homoxénea ao longo de todo o tramo de beirarrúa.

3. Pechamentos estables separados das fachadas:

3.1. Pechamentos estables en beirarrúas: a lonxitude de ocupación do pechamento será como máximo a da fachada do edificio onde se encontre o establecemento principal. Se máis dun establecemento dun mesmo edificio solicita autorización de terraza con pechamento estable nunha beirarrúa, cada un poderá ocupar a lonxitude do ancho da fronte da súa fachada repartíndose o resto do espazo de forma equitativa.

3.2. Pechamentos estables en espazos ou prazas peonís: en espazos ou prazas peonís, con carácter xeral, os pechamentos estables poderán manter unha separación máxima de dez metros con respecto á fachada do establecemento. A lonxitude de ocupación do pechamento será como máximo a da fachada do edificio onde se encontre o establecemento principal. O largo das instalacións obterase de acordo co exposto no artigo seguinte. A disposición dos pechamentos nos espazos peonís deberá ser homoxénea.

4. Os establecementos situados nos espazos libres de parcela de titularidade privada e nos respectivos patios interiores tamén poderán instalar pechamentos estables. Nos ámbitos protexidos só poderán autorizarse aqueles pechamentos que autorice o técnico competente, que poderá denegar o permiso por razóns estéticas ou de cumprimento da normativa específica deste ámbito.

Artigo 21. Condicións do espazo no que se pretende situar

Concederáse autorización para a instalación de terrazas con pechamentos estables cando estean situadas en terreos de titularidade e uso público ou nos espazos libres de parcela de titularidade privada e nos respectivos patios interiores e cumpran as condicións específicas seguintes:

- a) Nas beirarrúas a anchura mínima do espazo de tránsito peonil será igual ou superior a 2 metros.
- b) Nas rúas, paseos e prazas peonís a largura mínima de espazo de tránsito peonil será igual ou superior a 4 metros.
- c) A ocupación terá unha aliñación constante evitando quebras ao longo dunha liña de quinceiro.
- d) Aínda cando un espazo reúna todos os requisitos para a colocación dun pechamento poderá non autorizarse ou autorizarse con dimensións inferiores ás solicitadas se a súa instalación dificultara o tránsito peonil.

Artigo 22. Condicións para a instalación do pechamento estable e do seu mobiliario

1. As terrazas con pechamentos estables que se pretendan instalar dentro de ámbitos protexidos, deberán cumprir as esixencias destes.
2. Cando a concentración de pechamentos poida xerar un grave impacto ambiental, as solicitudes para novas instalacións ou renovacións correspondentes serán resoltas conxuntamente, establecendo as condicións ou restricións que se consideren adecuadas.



CONCELLO DE RIVEIRA

3. Os elementos de mobiliario urbano que se instalen estarán suxeitos ás seguintes prescricións:
- a) O pechamento estable e os elementos de mobiliario instalados no seu interior deberán estar homologados.
 - b) Os pechamentos nos espazos libres de parcela de titularidade privada e nos respectivos patios interiores poderán contar cunha instalación de apoio no seu interior.
 - c) Non se permite a colocación de ningún elemento no exterior do pechamento, nin fixado nin colgado del.
 - d) Nos pechamentos estables acaroados á fachada admítase a instalación de reixas de conduto de aire acondicionado con prolongación dos condutos interiores cumprindo o réxime de distancias recollido na normativa vixente.
 - e) No resto de supostos de pechamentos estables os equipos de aire acondicionado instalaranse no seu interior e as reixas cumprirán coa normativa municipal vixente en materia ambiental.
 - f) Os pechamentos estables poderán dispoñer de climatización e calefacción.
4. As terrazas con pechamentos estables non acaroadas á fachada do establecemento poderán dispoñer da correspondente acometida subterránea para o abastecemento de enerxía, de acordo co artigo 11 desta ordenanza, tomando como orixe desta a do local. Quedan prohibidas as acometidas de gas, auga ou saneamento e a utilización de aparellos que requiran como combustible materias susceptibles de estourar ou inflamarse, ou que xeren substancias desa natureza.
5. A instalación eléctrica de alumeado para a terraza deberá reunir as condición que establece o Regulamento electrotécnico para baixa tensión. Os condutos quedarán aloxados en canalizacións subterráneas. En ningún caso a iluminación poderá cegar ou producir molestias á veciñanza, viandantes ou vehículos. Esta instalación deberá ser revisada anualmente por un instalador autorizado que emitirá o correspondente boletín de conformidade, debendo presentarse unha copia deste ao órgano competente para a concesión da autorización. De acordo cos resultados da revisión determinarase a conveniencia de continuar co funcionamento do pechamento estable, que deberá ser retirado de forma inmediata polo titular cando non supere a devandita revisión.
6. As terrazas con pechamentos estables non acaroadas á fachada do establecemento disporán de extintores adecuados e alumeado de emerxencia e de sinalización, que deben contar cun contrato de mantemento e revisión por empresa autorizada.
7. As licenzas outorgadas para a construción de pasos de vehículos suporán a diminución da superficie do pechamento estable, podendo motivar a revogación da autorización. Nestes casos, o titular non terá dereito a indemnización ou compensación ningunha.
8. Non poderá obstaculizarse o acceso á calzada desde os portais dos predios, deixando despexados en toda a súa largura máis de 0,50 metros a cada lado, medidos desde as couzoeiras das portas, nin dificultar a manobra de entrada ou saída nas pasaxes permanentes.
9. A distancia dos elementos do pechamento ao bordo da beirarrúa será como mínimo de 0,50 metros, podendo ser ampliada cando razóns de interese público o xustifiquen. Os alcouves e elementos axardinados existentes no espazo en que se instale o pechamento estarán totalmente libres e serán accesibles, para cuxo fin existirá una franxa mínima de 0,50 metros ao seu arredor totalmente despexada, medida desde o seu bordo exterior, que pode ser ampliada cando o interese público así o xustifique.
10. Deberá garantirse en todo momento o acceso ás paradas de transporte público regularmente establecidas e o uso das saídas de emerxencia, dos pasos de vehículos e de peóns e dos servizos municipais de acordo co indicado a seguir:
- a) As paradas de transporte público regularmente establecidas e os pasos de peóns en toda a súa lonxitude máis de 1 metro a cada lado.



CONCELLO DE RIVEIRA

- b) As saídas de emerxencia quedarán libres en todo o seu largo máis dun metro a cada lado.
- c) Os pasos de vehículos quedarán libres en todo o seu largo cando menos 50 cm a cada lado, medido desde os seus extremos na aliñación do bordo.
- d) Manterase unha distancia de 1 metro en todo o seu perímetro aos distintos elementos de mobiliario urbano, sinais de tráfico, báculos de alumeadado e outros servizos municipais, de modo que queden totalmente libres, se garanta en todo momento a súa función e se permitan os labores de mantemento.

Artigo 23. Prohibición de equipos audiovisuais e actuacións

Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

Artigo 24. Terrazas con pechamentos estables en espazos privados.

Para os efectos da presente ordenanza non computarán edificabilidade as instalacións en espazos privados que reúnan as seguintes condicións:

- a) Que non teñan carácter anual, de modo que o tempo de duración da autorización non excederá de nove meses.
- b) Que as súas características construtivas se correspondan con estruturas lixeiras, prefabricadas e carentes de cimentación.

Capítulo 3

Autorizacións

Sección primeira.- Disposicións xerais

Artigo 25. Transmisibilidade

- 1. As autorizacións para instalar terrazas transmitiranse conxuntamente coas licenzas urbanísticas dos establecementos principais, agás renuncia expresa do novo titular que deberá comunicarse ao Concello.
- 2. As autorizacións para a instalación e funcionamento das terrazas non poderán ser obxecto, en ningún caso, de arrendamento ou cesión independente consonte co establecido no artigo 4 desta ordenanza.

Artigo 26. Período de funcionamento e prazo de solicitude

- 1. As autorizacións poderán ser anuais ou de tempada, entendendo por tempada a que vai desde o 1 de marzo deica o 30 de outubro, ambos inclusive, e por anual a que vai desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro. As autorizacións anuais poderán permitir, de así o solicitar o interesado, un número de mesas determinado para o período do 1 de marzo ao 31 de outubro e outro número distinto para o período que vai desde o 31 de outubro ao 1 de marzo.
- 2. A autorización das terrazas en chan privado non excederá de nove meses cando dispoñan de instalacións que non computen edificabilidade nos termos establecidos no artigo 24. En ámbitos protexidos estarase ao que establece a súa normativa con respecto a estas instalacións.
- 3. A autorización poderá ser solicitada en calquera momento, entendéndose que a autorización se outorgará para o tempo que reste desde a concesión deica o fin do período solicitado. Na



CONCELLO DE RIVEIRA

solicitude incluírase, si é o caso, o horario de peche de interese turístico e a necesidade de apilar as mesas e cadeiras no exterior.

Artigo 27. Vixencia e renovación das autorizacións

1. A vixencia das autorizacións que se concedan corresponderase co período de funcionamento autorizado.
2. As autorizacións que se concederan para instalacións de terrazas renovaranse automaticamente se non se produce modificación ningunha e se ningunha das partes, Administración municipal ou titular, comunica, a súa vontade contraria á renovación.
3. A Administración municipal manifestará a súa vontade contraria á renovación nos seguintes supostos:
 - a) De se iniciaren procedementos dos que se desprenda a existencia de molestias ou prexuízos derivados do funcionamento da actividade principal ou accesoria.
 - b) De se apreciar un incumprimento das condicións da autorización ou da mesma ordenanza.
 - c) Nos casos de falta de pagamento da taxa correspondente.
 - d) Cando no período autorizado estea prevista a execución de actuacións públicas que modifiquen a realidade física existente no momento do outorgamento da autorización.
 - e) Cando a terraza poida supor molestia para os usuarios da vía pública ou para os servizos públicos.
4. Nas terrazas con pechamentos estables a autorización concedida terá unha vixencia de cinco anos. Finalizado o período de vixencia, poderá solicitarse unha nova autorización. No entanto, poderá ser revogada antes da finalización deste período por razóns de interese público e sen dereito a indemnización.

Sección segunda. Procedemento

Artigo 28. Solicitante

Poderá solicitar autorización para a instalación dunha terraza o titular da licenza do establecemento.

Artigo 29. Documentación

1. As solicitudes de autorización que se presenten para a nova instalación dunha terraza ou para a modificación dunha xa concedida irán acompañadas da seguinte documentación:
 - a) Fotocopia da licenza de apertura do establecemento ou referencia ao seu expediente de concesión ou transmisión.
 - b) Relación dos elementos que se pretendan instalar, con indicación expresa do seu número.
 - c) Plano de situación da terraza a escala 1:500, no que se reflectir a superficie a ocupar, largo de beirarrúa, distancia ás paradas de autobuses, saídas de emerxencia, pasos de vehículos, quioscos, así como os elementos de mobiliario urbano existentes.
 - d) Plano de detalle a escala 1:100 con indicación de todos os elementos de mobiliario, así como a súa clase, número, dimensións, total de superficie a ocupar e colocación destes consonte determina o artigo 17. Así mesmo, sinalaranse as medidas correspondentes á fronte de fachada do establecemento e largura da beirarrúa e, se é o caso, as árbores, zonas axardinadas, mobiliario urbano municipal existente, rexistros e arquetas dos servizos municipais e de compañías de servizos.



CONCELLO DE RIVEIRA

- e) Documento acreditativo da vixencia e de estar ao corrente no pagamento da póliza de seguros a que se refire o artigo 8.
- f) Autoliquidación da taxa correspondente.
- 2. No caso de terrazas situadas en solo de titularidade privada incluírase, ademais, como documentación específica:
 - a) Acreditación da propiedade ou título xurídico que habilite para a utilización privativa do espazo.
 - b) Autoliquidación da taxa correspondente.
 - c) Fotografías das fachadas próximas ao espazo pretendido para a situación da terraza.
- 3. Nas terrazas con pechamentos estables incluírase, ademais, como documentación específica:
 - a) Homologación dos elementos integrantes da estrutura que conforma o pechamento e do mobiliario a instalar no seu interior.
 - b) Memoria técnica detallando:
 - As características das súas instalacións.
 - Superficie que se vai ocupar e elementos instalados no interior do pechamento.
 - Planos a escala 1:100 nos que se indiquen de forma inequívoca as dimensións, seccións, andares, alzados laterais, frontal e posterior.
 - Sistemas de ancoraxe dos elementos ao pavimento.
 - c) Certificación do técnico facultativo habilitado legalmente, visada polo colexio profesional correspondente, acerca da suficiencia da súa estabilidade estrutural e da adecuación das súas condicións de prevención e extinción de incendios, evacuación, estabilidade e reacción ao lume.
 - d) Documento acreditativo da constitución dunha garantía para a reposición do pavimento público ao estado anterior á instalación do pechamento. O importe desta garantía determinarase en función do custo de reposición do espazo ocupado.
 - e) Orzamento de instalación.
 - f) Póliza de seguros de responsabilidade civil, sen franquía ningunha, que cubra calquera clase de risco derivado do exercicio da actividade hostaleira realizada.
 - g) Contrato de mantemento e revisión dos extintores e do alumeado de emerxencia e sinalización con empresa autorizada.
- 4. Nas solicitudes de renovación das autorizacións concedidas no período de funcionamento precedente que impliquen modificacións puntuais soamente será preciso presentar a documentación que describa a modificación.

Artigo 30. Tramitación

A primeira instalación ou modificación desenvolverase consonte o seguinte procedemento:

- 1. Iniciarase mediante solicitude, en impreso normalizado que conterá polo menos os datos sinalados no artigo 70 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), ao que se xuntará a documentación prevista nesta ordenanza.
- 2. Para os efectos do cómputo dos prazos de tramitación considerarase iniciado o expediente na data de entrada da documentación completa no rexistro do órgano competente para resolver.
- 3. Os servizos municipais disporán dun prazo de 1 mes para examinar a solicitude e a documentación presentada e, se é o caso, requirirán ao interesado para que no prazo de 10 días emende a falta ou presente a documentación preceptiva, indicándolle que se non o fai entenderase que desistiu do seu pedimento e que, logo da resolución, se arquivará sen máis trámite, cos efectos previstos no artigo 42.1 da LRX-PAC.



CONCELLO DE RIVEIRA

4. Unha vez completada a documentación, emitirase informe técnico e xurídico que finalizará con proposta nalgún dos seguintes sentidos:

a) De denegación.

b) De outorgamento, indicando se é o caso, os requisitos ou as medidas correctoras que a instalación proxectada deberá cumprir para se axustar á normativa aplicable.

5. A resolución do órgano competente deberá producirse nun prazo non superior a 2 meses contados desde o día seguinte á data na que se considere iniciado o expediente. Transcorrido este prazo sen que houbese resposta, entenderase que a autorización foi rexeitada.

TÍTULO II

Quioscos permanentes

Capítulo 1. Disposicións xerais

Artigo 31. Relación de localizacións

1. O Concello poderá aprobar a instalación dun quiosco permanente cando pretenda dinamizar un espazo público ou esa zona careza do servizo.

2. Este acordo sairá publicado no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 32. Prohibicións para ser titular de concesións e procedemento

En ningún caso poderán ser titulares de concesións sobre bens demaniais as persoas en que concorra algunha das prohibicións de contratar reguladas no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público.

Cando, posteriormente ao outorgamento da concesión, o titular incorra nalgunha das prohibicións de contratación producirase a extinción da concesión.

O procedemento para a adxudicación dos quioscos de carácter permanente será o establecido na lexislación sobre as concesións demaniais.

Artigo 33. Condicións técnicas e de instalación

1. As condicións técnicas de instalación e funcionamento serán as que se determinen nos respectivos pregos de condicións, que serán aprobados polo órgano competente en materia de concesións demaniais.

2. As terrazas autorizadas nestes casos poderán ser obxecto de pechamento cando se estableza nos respectivos pregos de condicións.

Capítulo 2

Tramitación da autorización

Artigo 34. Presentación de solicitudes

1. A solicitude presentarse nas oficinas de rexistro do Concello, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4 da LRX-PAC, no impreso normalizado que incluírá polo menos os datos sinalados no artigo 70 da LRX-PAC, á que se xuntará a documentación prevista nesta ordenanza.

2. O prazo de presentación será de 1 mes a contar desde o día seguinte á data de publicación no BOP do acordo polo que se aprobe a instalación dun quiosco permanente.



CONCELLO DE RIVEIRA

Artigo 35. Proxecto da instalación

1. A solicitude presentarse en impreso normalizado e a ela xuntaranse as certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. No caso de sociedade mercantil, presentarse o documento acreditativo da representación que exerza o solicitante e unha copia da escritura de constitución da sociedade.
2. Xunto coa solicitude presentarse un proxecto de instalación que incluírá:
 - a) Memoria descritiva dos elementos que se pretenden instalar con indicación dos materiais empregados e a súa fabricación, acabados, instalacións, elementos de mobiliario urbano e demais construtivos e de execución.
 - b) Detalle das acometidas subterráneas para a subministración de auga, electricidade e saneamento.
 - c) Planos acoutados de planta e alzado do quiosco e das súas instalacións a escalas 1:100 así como da súa disposición dentro do espazo autorizable.
 - d) Orzamento total das obras e instalacións que se pretendan realizar.
 - e) Acreditación da constitución da garantía para responder das posibles deterioracións do dominio público e as súas instalacións.

Artigo 36. Competencia e resolución

1. Examinada a documentación presentada, os técnicos municipais efectuarán unha valoración dos proxectos e a proposta de adxudicación atendendo ás características hostaleiras, urbanísticas e ambientais das instalacións e a súa relación co contorno en que se vaian que situar.
2. A concesión será outorgada polo órgano competente de acordo co previsto na Lei reguladora das bases do réxime local para autorizacións demaniais.

Artigo 37. Eficacia da autorización

Para a eficacia da autorización outorgada, o adxudicatario deberá presentar dentro do prazo dos 10 días seguintes á súa notificación os seguintes documentos:

- a) Copia compulsada da alta no epígrafe correspondente do imposto sobre actividades económicas.
- b) Copias compulsadas dos contratos de traballo que acrediten a relación laboral das persoas que vaian desenvolver a actividade en nome do titular, sexa persoa física ou xurídica.
- c) Copia compulsada do carné de manipulador de alimentos de todos os empregados.
- d) Fianza de explotación, que garanta os posibles danos que se poidan causar ao dominio público municipal ou aos seus elementos de mobiliario urbano como consecuencia do exercicio da actividade. Esta fianza consistirá no 10 por cento da contía do orzamento da instalación.
- e) Copia compulsada da póliza de seguros de responsabilidade civil derivada tanto da explotación da actividade como da venda de produtos.
- f) Documento de pagamento da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial.

Artigo 38. Vixencia

O prazo máximo de vixencia das concesións será de 10 anos, pero poderanse revogar antes da fin dese prazo sen dereito a indemnización en caso de que existan molestias por ruídos, fumes ou olores, en caso de que o quiosco cause molestias aos usuarios da vía pública ou aos servizos públicos, ou de se iren realizar obras na vía pública que aconsellen a súa retirada.



CONCELLO DE RIVEIRA

TÍTULO III

Réxime disciplinario e sancionador

Capítulo 1

Restablecemento da legalidade

Artigo 39. Compatibilidade

1. As responsabilidades administrativas que resulten do procedemento sancionador serán compatibles coa existencia ao infractor da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados.
2. Non obstante, tanto nos procedementos de restablecemento da legalidade como nos sancionadores poderanse acordar medidas cautelares, como a retirada das instalacións ilegais ou a suspensión do funcionamento da terraza, consonte o disposto na normativa sobre procedemento administrativo común.

Capítulo 2

Infraccións e sancións

Artigo 40. Infraccións

Serán infraccións contra esta ordenanza as accións ou omisións que contraveñan o disposto nela.

Artigo 41. Suxeitos responsables

Serán responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas titulares das instalacións.

Artigo 42. Clasificación das infraccións

As infraccións desta ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1. Son infraccións leves:

- a) A falta de ornato ou limpeza da instalación ou da súa contorna.
- b) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en menos de 1 hora.
- c) A falta de exposición nun lugar visible para os usuarios, veciños e axentes da autoridade do documento de autorización e do plano de detalle.
- d) Almacenar ou amontoar produtos, envases ou residuos na zona de terraza ou en calquera outro espazo da vía pública.
- e) O incumprimento de calquera outra obriga prevista nesta ordenanza que non sexa constitutiva de infracción grave ou moi grave.

2. Son infraccións graves:

- a) A comisión de tres faltas leves ao cabo de 1 ano cando así se declarase por resolución firme.
- b) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en máis de 1 hora.
- c) A instalación de elementos de mobiliario urbano non previstos na autorización ou en número maior dos autorizados.
- d) A ocupación dunha superficie maior á autorizada en máis do 25 por cento e en menos do 75 por cento ou o incumprimento doutras condicións da delimitación.
- e) O servizo de produtos alimentarios non autorizados.
- f) A carencia do seguro obrigatorio.



CONCELLO DE RIVEIRA

- g) A instalación de instrumentos ou equipos musicais ou outras instalacións non autorizadas ou fóra do horario ao que se limitaran nos quioscos que os teñan autorizados.
 - h) A ocultación, manipulación ou falsificación dos datos ou da documentación presentados para a obtención da correspondente autorización.
 - i) A non presentación do documento de autorización e do plano de detalle aos axentes da autoridade ou funcionarios competentes que o requiran.
 - l) O incumprimento da obriga de retirar ou recoller e amontoar o mobiliario da terraza ao finalizar o seu horario de funcionamento.
3. Son infraccións moi graves:
- a) A instalación de terrazas sen autorización ou fóra do período autorizado.
 - b) A ocupación dunha superficie maior á autorizada en máis do 75 por cento.
 - c) O incumprimento da orde de suspensión inmediata da instalación cando disto derive una perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas ou dificulte o uso ou funcionamento dun servizo público ou supoña unha deterioración grave de equipamentos, infraestruturas, instalacións de servizos públicos, espazos públicos ou calquera das súas instalacións.
 - d) A celebración de espectáculos ou actuacións non autorizadas de forma expresa.
 - e) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en máis de 1 hora, cando disto derive una perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas.

Artigo 43. Sancións

A comisión das infraccións previstas nesta ordenanza levará emparellada a imposición das seguintes sancións:

As infraccións leves sancionaranse cunha multa de ata 500 euros.

As infraccións graves sancionaranse cunha multa de ata 1.000 euros e a revogación da autorización se concorren as circunstancias agravantes previstas no artigo seguinte.

As infraccións moi graves sancionaranse cunha multa de ata 2.000 euros e revogación da autorización.

Artigo 44. Circunstancias modificativas da responsabilidade

Para a modulación das sancións atenderase á existencia de intencionalidade ou reiteración, natureza dos prexuízos causados, reincidencia na comisión ao cabo dun ano de tres infraccións da mesma natureza cando así o declare resolución firme e ao beneficio obtido coa súa realización.

Artigo 45. Procedemento

A imposición das sancións requirirá a previa incoación e instrución do procedemento correspondente, que se substanciará consonte ao disposto na lexislación xeral sobre procedemento administrativo común e o seu regulamento de desenvolvemento. O acordo de iniciación poderá ordenar a adopción de medidas provisionais que resulten necesarias para garantir a eficacia da resolución que puidera recaer, tales como a retirada das instalacións ilegais ou a suspensión do seu funcionamento.



CONCELLO DE RIVEIRA

Artigo 46. Autoridade competente

A incoación e resolución dos procedementos sancionadores corresponderá ao órgano competente para conceder a correspondente autorización.

Artigo 47. Prescrición

Os prazos de prescrición das infraccións e sancións serán os previstos na lexislación xeral sobre procedemento administrativo común.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira. O réxime disciplinario e sancionador previsto no título IV desta ordenanza non será aplicable ao incumprimento polo concesionario de quioscos permanentes dos deberes establecidos nas cláusulas do contrato, debendo respectar, nestes casos, o acordado nas propias cláusulas e na lexislación xeral reguladora da contratación administrativa.

Segunda. Non se concederá ningunha autorización de terraza se o establecemento principal non dispón previamente de placa identificativa en canto emisión de ruidos.

Terceira. Habilitase á alcaldía-presidencia para dictar as disposicións ou instrucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente ordenanza.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Primeira. As autorizacións para instalar novas terrazas ou para modificar as existentes, nas condicións previstas nesta ordenanza, poderán solicitarse en calquera momento. No prazo máximo dun ano e medio as autorizacións existentes deberán adaptarse o contido do artigo 9.3 da presente ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta norma entrará en vigor ao día seguinte á data de publicación do acordo da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da provincia.”

Ribeira, 17 de decembro de 2012

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas